



DEPARTAMENTO DE CIENCIAS NATURAIS

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA- Curso 2021-22 Presentación 3º ESO

Profesora: Ana González Cabaleiro

Materia: Bioloxía e Xeoloxía:

Contidos de Bioloxía relacionados co corpo humano e a saúde.

Contidos de Xeoloxía relacionados co relevo e a súa formación, xa sexa por axentes externos ou internos.

Horario: Dúas sesións semanais de clase, é moi pouco tempo.

É necesario traballar na casa.

Material necesario:

Ordenador Edixgal

Caderno ou ficheiro (as páxinas deben estar numeradas e coa data)

Material de escritura: bolígrafos de dúas cores, lapis e afialapis ou portaminas, regra.

En caso de ensino non presencial. Necesitas

Un ordenador. Conexión á internet.

Avaliación e criterios de cualificación


Avaliase por competencias, pero terá tamén unha nota numérica que depende de:

- 70% Probas escritas ou exames
 - Presenciais
 - Probas na aula virtual (se o ensino é non presencial)
- 30% Traballo diario
 - Participación positiva na clase
 - Actividades do caderno (avaliarase na clase ou a través da aula virtual)
 - Feitas na casa
 - Feitas en clase
 - Actividades para entregar (recolleranse na clase ou enviaranse pola aula virtual)

IMPORTANTE: Faremos exames por temas, pero as recuperacións son por trimestre.

As competencias clave do currículo, son as seguintes:

Competencia	% na nota
Comunicación lingüística (CL)	5
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)	48
Competencia dixital (CD)	5
Aprender a aprender (AA)	13
Competencias sociais e cívicas (CSC)	18
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE)	6
Conciencia e expresións culturais (CEC)	5



Consellos para un bo avance na materia

Leva os contidos ao día. Ponte un horario,... e cúmpreo !

Le os temas na casa. Volve a ler os temas ...

Fai as actividades nos prazos solicitados.

Se non hai actividades, le, le e le...

Anota as dúbidas e pregunta na clase.

Coida o aspecto do caderno: ordenado, limpo, con boa letra, vixía a ortografía e a expresión.

Volver a ler os temas,... **Xa van tres lecturas?** Entón, xa o sabes!!!

Repasa para o exame.

Durme sempre oito horas como mínimo.

Se non che deu tempo a ler ou a facer as tarefas, non te agoníes, xa o farás mellor a próxima vez.

Non deixes de descansar e tomarte un respiro de cando en vez.

A túa saúde é o primeiro.